

Programación Curso 2021-22

Matemáticas - I

Matemáticas - II

Matemáticas Aplicadas ás CC SS - I

Matemáticas Aplicadas ás CC SS - II

Métodos Estatísticos e Numéricos

Departamento de Matemáticas

IES “A XUNQUEIRA - I”

Pontevedra

ÍNDICE

1. Matemáticas I	Páxina - 3
2. Matemáticas II	Páxina - 34
3. Matemáticas Aplicadas ás CC SS I	Páxina - 47
4. Matemáticas Aplicadas ás CC SS II	Páxina - 74
5. Métodos Estatísticos e Numéricos	Páxina - 87
6. Anexo COVID-19	Páxina - 93

1. MATEMÁTICAS I

1. INTRODUCCIÓN

As Matemáticas constitúen un conxunto amplo de coñecementos baseados no estudo de patróns e relacións inherentes a estruturas abstractas. Aínda que se desenvolvan con independencia da realidade física, teñen a súa orixe nela e son de suma utilidade para representala. Nacen da necesidade de resolver problemas prácticos e susténtanse pola súa capacidade para tratar, explicar, predicir e modelar situacións reais e dar rigor aos coñecementos científicos. A súa estrutura áchase en continua evolución, tanto pola incorporación de novos coñecementos como pola súa constante interrelación con outras áreas, especialmente no ámbito da ciencia e da técnica.

Participar na adquisición do coñecemento matemático consiste no dominio da súa “forma de facer”. Este “saber facer matemáticas” é un proceso laborioso que comeza por unha intensa actividade sobre elementos concretos, co obxecto de crear intuicións previas necesarias para a formalización. Con frecuencia, os aspectos conceptuais non son máis que medios para a práctica de estratexias, para incitar á exploración, a formulación de conxecturas, o intercambio de ideas e a renovación dos conceptos xa adquiridos.

Os contidos de Matemáticas, como materia de modalidade no Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, xiran sobre dous eixos fundamentais: a xeometría e a análise. Estes contan co necesario apoio instrumental da aritmética, a álgebra e as estratexias propias da resolución de problemas. En Matemáticas I, os contidos relacionados coas propiedades xerais dos números e a súa relación coas operacións, máis que nun momento predeterminado, deben ser traballados en función das necesidades que xurdan en cada momento concreto. Á súa vez, estes contidos complementáanse con novas ferramentas para o estudo da estatística e a probabilidade, culminando así todos os campos introducidos na Educación Secundaria Obrigatoria. A introdución de matrices e integrais en Matemáticas II achegará novas e potentes ferramentas para a resolución de problemas xeométricos e funcionais.

Estes contidos proporcionan técnicas básicas, tanto para estudos posteriores como para a actividade profesional. Non se trata de que os estudantes posúan moitas ferramentas matemáticas, senón de que teñan as estritamente necesarias e que as manexen con destreza e oportunidade,

facilitándolles as novas fórmulas e identidades para a súa elección e uso. Nada hai máis afastado do “pensar matematicamente” que unha memorización de igualdades cuxo significado se descoñece, incluso aínda que se apliquen adecuadamente en exercicios de cálculo.

Nesta etapa aparecen novas funcións dunha variable. Preténdese que os alumnos sexan capaces de distinguir ás características das familias de funcións a partir da súa representación gráfica, así como as variacións que sofre a gráfica dunha función ao compoñela con outra ou ao modificar de forma continua algún coeficiente na súa expresión alxébrica. Coa introdución da noción intuitiva de límite e xeométrica de derivada, establécense as bases do cálculo infinitesimal en Matemáticas I, que dotará de precisión a análise do comportamento da función nas Matemáticas II. Así mesmo, preténdese que os estudantes apliquen estes coñecementos á interpretación do fenómeno.

As Matemáticas contribúen á adquisición de aptitudes e conexións mentais cuxo alcance transcende o ámbito desta materia; forman na resolución de problemas xenuínos —aqueles onde a dificultade está en encadralos e atopar unha estratexia de resolución—, xeran hábitos de investigación e proporcionan técnicas útiles para enfrontarse a situacións novas. Estas destrezas, xa iniciadas nos niveis previos, deberán ampliarse agora que aparecen novas ferramentas, enriquecendo o abanico de problemas abordables e o afondamento nos conceptos implicados.

O uso de calculadoras pode servir de axuda para o procesamento de cálculos pesados, sen deixar de traballar a fluidez e a precisión no cálculo manual simple, onde os estudantes adoitan cometer frecuentes erros que os poden levar a falsos resultados ou inducir a confusión nas súas.

A resolución de problemas ten carácter transversal e será obxecto de estudo relacionado e integrado no resto dos contidos. As estratexias que se desenvolven constitúen unha parte esencial da educación matemática e activan as competencias necesarias para aplicar os coñecementos e habilidades adquiridas en contextos reais. A resolución de problemas debe servir para que o alumnado desenvolva unha visión ampla e científica da realidade, para estimular a creatividade e a valoración das ideas alleas, a habilidade para expresar as ideas propias con argumentos adecuados e o recoñecemento dos posibles erros cometidos.

As definicións formais, as demostracións (redución ao absurdo, contraexemplos) e os encadeamentos lóxicos (implicación, equivalencia) dan validez ás intuicións e confiren solidez ás técnicas aplicadas. No entanto, este é o primeiro momento en que o alumno se enfronta con certa seriedade á linguaxe formal, polo que a aprendizaxe debe ser equilibrada e gradual. O simbolismo non debe desfigurar a esencia das ideas fundamentais, o proceso de investigación necesario para alcanzalas, ou o rigor dos razoamentos que as sustentan. Deberá valorarse a capacidade para comunicar con eficacia esas ideas aínda que sexa de maneira non formal.

O importante é que o estudante atope nalgúns exemplos a necesidade da existencia desta linguaxe para dotar as definicións e demostracións matemáticas de universalidade, independizándoas do linguaxe natural.

Por último, é importante presentar a matemática como unha ciencia viva e non como unha colección de regras fixas e inmutables. Detrás dos contidos que se estudan hai un longo camiño conceptual, un construto intelectual de enorme magnitude, que foi evolucionando a través da historia ata chegar ás formulacións que agora manexamos.

O desenvolvemento desta materia contribuirá a que as alumnas e os alumnos adquiran as seguintes capacidades:

- Comprender e aplicar os conceptos e procedementos matemáticos a situacións diversas que permitan avanzar no estudo das propias matemáticas e doutras ciencias, así como na resolución razoada de problemas procedentes de actividades cotiás e diferentes ámbitos do saber.
- Considerar as argumentacións razoadas e a existencia de demostracións rigorosas sobre as que se basea o avance da ciencia e da tecnoloxía, mostrando unha actitude flexible, aberta e crítica ante outros xuízos e razoamentos.
- Utilizar as estratexias características da investigación científica e as destrezas propias das matemáticas (formulación de problemas, planificación e ensaio, experimentación, aplicación da indución e dedución, formulación e aceptación ou rexeitamento das conxecturas, comprobación dos resultados obtidos) para realizar investigacións e en xeral explorar situacións e fenómenos novos.
- Apreciar o desenvolvemento das matemáticas como un proceso cambiante e dinámico, con abundantes conexións internas e intimamente relacionado co doutras áreas do saber.
- Empregar os recursos achegados polas tecnoloxías actuais para obter e procesar información, facilitar a comprensión de fenómenos dinámicos, aforrar tempo nos cálculos e servir como ferramenta na resolución de problemas.
- Utilizar o discurso racional para formular acertadamente os problemas, xustificar procedementos, encadear coherentemente os argumentos, comunicarse con eficacia e precisión, detectar incorreccións lóxicas e cuestionar aseveracións carentes de rigor científico.

- Mostrar actitudes asociadas ao traballo científico e á investigación matemática, tales como a visión crítica, a necesidade de verificación, a valoración da precisión, o interese polo traballo cooperativo e os distintos tipos de razoamento, o cuestionamento das apreciacións intuitivas e a apertura a novas ideas.
- Expresarse verbalmente e por escrito en situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente, comprendendo e manexando representacións matemáticas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento está constituído no presente curso polos seguintes profesores e profesoras:

José Manuel Ramos González (Secretario do Instituto)

Que impartirá as materias:

Matemáticas Aplicadas ás CC SS II (1 grupo)

Métodos Estatísticos e Numéricos (1 grupo)

Rafael Piay Durán

Que impartirá as materias:

Matemáticas Aplicadas ás CC SS I (1 grupo)

Matemáticas en 1º ESO (1 grupo)

Matemáticas en 2º ESO (1 grupo)

Matemáticas Aplicadas en 4º ESO (1 grupo)

María Luísa Vilanova Díaz

Que impartirá as materias:

Matemáticas Académicas en 3º ESO (3 grupos)

Matemáticas Académicas en 4º ESO (2 grupos)

María del Carmen Rey Pazos (Xefa de Departamento)

Que impartirá as materias:

Matemáticas II (1 grupo)

Matemáticas I (2 grupos)

Matemáticas Académicas en 4º ESO (1 grupo)

Sonia Freire Randino

Que impartirá as materias:

Matemáticas en 1º ESO (2 grupos)

Matemáticas en 2º ESO (2 grupos)

Mónica Tortajada Bermúdez

Profesora do Departamento de Tecnoloxía que impartirá as materias:

Matemáticas en 1º ESO (1 grupo)

Santiago Jiménez Jiménez

Profesor do Departamento de Artes Plásticas que impartirá as materias:

Matemáticas en 2º ESO (1 grupo)

Na organización do Instituto estaba implantada a aula-materia e tiñamos catro aulas completas para o Departamento de Matemáticas, pero houbo que renunciar a elas por motivos da COVID-19.

O alumnado que cursa 1º de Bacharelato no Instituto ten unha procedencia moi diversa. Están os alumnos que estudaron todos os cursos da ESO no Centro e tamén alumnado que procede de centros da comarca nos que non poden seguir os estudos de Bacharelato. Así o primeiro traballo é coordinar os diferentes xeitos de traballo e niveis de coñecemento.

3. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

A educación secundaria non obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminación existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN: VER ANEXO

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado vaia adquirindo cada vez maior habilidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

O alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa é bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto: “Matemáticas I”, Anaya. Madrid 2015. ISBN 978-84-678-2688-3

- Caderno
- Calculadora científica
- Material de debuxo
- Fichas de coleccións de problemas e exercicios

7. AVALIACIÓN

Como xa se indicaba na contextualización a orixe do alumnado do Instituto é moi diversa en canto a Centros de Estudio e modalidade do 4º curso polo tanto unha primeira proba establecerá unhas pautas para o traballo máis axeitado e a homoxenización de cada grupo.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

7.1 AVALIACIÓN DO ALUMNADO: INSTRUMENTOS E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN

O traballo do alumnado nas probas específicas nesta materia seguirá o seguinte esquema:

1ª Avaliación: 1º exame (materia explicada ata o momento), 2º exame (toda a materia da primeira avaliación). A nota da avaliación obtense por media ponderada (primeira nota simple e a segunda nota dobre, dividindo a suma por tres). Resultado: **Nota A**

2ª Avaliación: 1º exame (a materia da primeira avaliación e a materia que se explicou na segunda), 2º exame (materia da segunda avaliación). A nota da avaliación obtense por media dos dous exames. Resultado: **Nota B**

3ª Avaliación: 1º exame (a materia da primeira avaliación e a materia que se explicou na terceira), 2º exame (a materia da segunda avaliación e a materia que se explicou na terceira), 3º exame (a materia da terceira avaliación). A nota da avaliación obtense por media dos tres exames. Resultado: **Nota C**

A nota final, **D**, obtense por media ponderada $(1 \cdot A + 2 \cdot B + 3 \cdot C) / 6$.

Cando **D** sexa maior ou igual a **5** a nota final será **D**. Cando **D** sexa menor que **5** observarase a nota **C**; se **C** é maior ou igual a **5** a nota final será de **5**, se **C** é menor que **5** a materia está suspensa con nota **D**.

Non hai exame final.

7.2 AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA NO BACHARELATO

Unha vez feita a avaliación ordinaria, os alumnos e alumnas que non superasen a materia poderán realizar unha proba extraordinaria co fin de superala. Dita proba extraordinaria será convocada por Xefatura de Estudos e consistirá nunha proba escrita baseada nos contidos vistos ao longo de todo o curso. O/a alumno/a superará a materia se a nota de dita proba é igual ou superior a 5.

Durante o período que abrangue dende a avaliación ordinaria ata o remate das clases, faranse actividades de recuperación, reforzo e ampliación dos contidos do curso que permitan reforzar ao alumnado que non ten superada a materia e tamén ao alumnado que xa a superou coa idea de dar unha visión global do curso.

7.3 AVALIACIÓN E MELLORA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación terá un seguimento permanente por parte dos membros do Departamento no relativo ao grao de cumprimento, proceso de ensinanza e aprendizaxe e desviación entre resultados obtidos e esperados. Da análise, polo miúdo, destes aspectos poderemos tirar conclusións sobre:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, segundo as características do alumnado.
- O grao de aprendizaxe acadado polos alumnos.
- A oportunidade da metodoloxía e recursos didácticos.
- As medidas de reforzo e a atención á diversidade.
- Grao de coordinación no seo do departamento e fóra del.

A avaliación daqueles apartados que, ao noso xuízo, resulten negativos, serán modificados nas vindeiras programacións didácticas.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En función das necesidades que presente o alumnado aplicarase, ademais da heteroxeneidade das actividades de ensino-aprendizaxe, os protocolos correspondentes en cada caso en colaboración co Departamento de Orientación do Centro.

No caso particular do alumnado con TDAH seguirase o protocolo da Xunta de Galicia aprobado o ano 2014, capítulo 8.1.2 que trata da prevención e intervención dentro da aula

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Matemáticas colabora coa Biblioteca na realización de proxectos. Tamén participa na Semana da Ciencia con distintas actividades abertas a toda a comunidade educativa: Celebración do Día de Pi, Presentacións en Power Point de biografías de matemáticos e matemáticas destacados, traballos estatísticos relativos ás características físicas do alumnado, peso das súas mochilas, tráfico no entorno do edificio do Instituto...

Este curso quedan suspendidas todas as actividades que poñan en risco a saúde tanto do alumnado como a do profesorado, a espera de ver como evoluciona a pandemia da COVID-19

10. TEMPORALIZACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN: Aritmética e Álgebra + Trigonometría

SEGUNDA AVALIACIÓN: Complexos + Xeometría

TERCEIRA AVALIACIÓN: Análise + Estatística

ANEXO

UNIDADE 1: Os números reais e as súas propiedades

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 2. Números e álgebra					
* g * i	* B2.1. Números reais: necesidade do seu estudo e das súas operacións para a comprensión da realidade. Valor absoluto. Desigualdades. Distancias na recta real. Intervalos e ámbitos. Aproximación e erros. Notación científica.	* B2.1. Utilizar os números reais, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, estimando, valorando e representando os resultados en contextos de resolución de problemas.	* MA1B2.1.2. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas. * MA1B2.1.5. Coñece e aplica o concepto de valor absoluto para calcular distancias e manexar desigualdades.	* CMCCT * CMCCT	Manexar operacións con radicais Coñecer as propiedades do valor absoluto e o seu uso para medir distancias
* i	* B2.3. Sucesións numéricas: termo xeral, monotonía e anotación. Número "e". * B2.4. Logaritmos decimais e neperianos. Propiedades. Ecuacións logarítmicas e exponenciais. * B2.5. Resolución de ecuacións non alxébricas sinxelas	* B2.3. Valorar as aplicacións do número "e" e dos logaritmos utilizando as súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais.	* MA1B2.3.1. Aplica correctamente as propiedades para calcular logaritmos sinxelos en función doutros coñecidos.	* CMCCT	Coñecer e manexar as propiedades dos logaritmos

UNIDADE 2: Resolución de ecuacións

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 2. Números e álgebra					
* i	* B2.6. Formulación e resolución de problemas da vida cotiá mediante ecuacións e inecuacións. Interpretación gráfica. * B2.7. Método de Gauss para a resolución e a interpretación de sistemas de ecuacións lineais. Formulación e resolución de problemas da vida cotiá utilizando o método de Gauss.	* B2.4. Analizar, representar e resolver problemas formulados en contextos reais, utilizando recursos alxébricos (ecuacións, inecuacións e sistemas) e interpretando criticamente os resultados.	* MA1B2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estuda e clasifica un sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo mediante o método de Gauss, nos casos que sexa posible, e aplícao para resolver problemas * MA1B2.4.2. Resolve problemas nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións (alxébricas e non alxébricas) e inecuacións (primeiro e segundo grao), e interpreta os resultados no contexto do problema.	* CMCCT * CMCCT	Manexar o método de Gauss Factorizar e resolver ecuacións alxébricas. Inecuación de 1ª e 2ª grao. Ec. Expoñenciais. Sist e. de inecu

UNIDADE 3: Os números complexos

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 2. Números e álgebra					
* i	* B2.2. Números complexos. Forma binómica e polar. Representacións gráficas. Operacións elementais. Fórmula de Moivre.	* B2.2. Coñecer os números complexos como extensión dos números reais, e utilízalos para obter solucións dalgunhas ecuacións alxébricas.	* MA1B2.2.1. Valora os números complexos como ampliación do concepto de números reais e utilízalos para obter a solución de ecuacións de segundo grao con coeficientes reais sen solución real. * MA1B2.2.2. Opera con números complexos e represéntaos graficamente, e utiliza a fórmula de Moivre no caso das potencias, utilizando a notación máis adecuada a cada contexto, xustificando a súa idoneidade.	* CMCCT * CMCCT	Solucionar ec. de 2º grao con discriminante < 0 Operar con complexos e manexar as súas leis

UNIDADE 4: Introducción á trigonometría

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 4. Xeometría					
* i	* B4.1. Medida dun ángulo en radiáns. * B4.2. Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Circunferencia goniométrica. Razóns trigonométricas dos ángulos suma, diferenza doutros dous, dobre e metade. Fórmulas de transformacións trigonométricas.	* B4.1. Recoñecer e traballar cos ángulos en radiáns, manexando con soltura as razóns trigonométricas dun ángulo, do seu dobre e a metade, así como as transformacións trigonométricas usuais.	* MA1B4.1.1. Coñece e utiliza as razóns trigonométricas dun ángulo, o seu dobre e a metade, así como as do ángulo suma e diferenza doutros dous.	* CMCCT	Coñecer as unidades angulares; as razóns trigono. e as súas relacións. Razóns do ángulo dobre e metade. Transformacións de sumas en produtos

UNIDADE 5: Fórmulas trigonométricas

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 4. Xeometría					
* i	<p>* B4.2. Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Circunferencia goniométrica. Razóns trigonométricas dos ángulos suma, diferenza doutros dous, dobre e metade. Fórmulas de transformacións trigonométricas.</p> <p>* B4.3. Teoremas. Resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas.</p> <p>* B4.4. Resolución de triángulos. Resolución de problemas xeométricos diversos.</p>	<p>* B4.2. Utilizar os teoremas do seno, coseno e tanxente, e as fórmulas trigonométricas usuais para resolver ecuacións trigonométricas e apicalas na resolución de triángulos directamente ou como consecuencia da resolución de problemas xeométricos do mundo natural, xeométrico ou tecnolóxico.</p>	<p>* MA1B4.2.1. Resolve problemas xeométricos do mundo natural, xeométrico ou tecnolóxico, utilizando os teoremas do seo, coseno e tanxente, e as fórmulas trigonométricas usuais, e aplica a trigonometría a outras áreas de coñecemento, resolvendo problemas contextualizados.</p>	* CMCCT	Coñecer os teoremas do seno e coseno Cra á resolución de triángulos

UNIDADE 6: Os vectores no plano

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 4. Xeometría					
* i	* B4.5. Vectores libres no plano. Operacións xeométricas. * B4.6. Produto escalar. Módulo dun vector. Ángulo de dous vectores. * B4.7. Bases ortogonais e ortonormal.	* B4.3. Manexar a operación do produto escalar e as súas consecuencias; entender os conceptos de base ortogonal e ortonormal; e distinguir e manexarse con precisión no plano euclídeo e no plano métrico, utilizando en ambos os casos as súas ferramentas e propiedades.	* MA1B4.3.1. Define e manexa as operacións básicas con vectores no plano, utiliza a interpretación xeométrica das operacións para resolver problemas xeométricos e emprega con asiduidade as consecuencias da definición de produto escalar para normalizar vectores, calcular o coseno dun ángulo, estudar a ortogonalidade de dous vectores ou a proxección dun vector sobre outro. * MA1B4.3.2. Calcula a expresión analítica do produto escalar, do módulo e do coseno do ángulo.	* CMCCT * CMCCT	Operacións básicas con vectores no plano. Uso do produto escalar e as súas propiedades en determinados contextos Determinar a lonxitude dun vector e o ángulo de dous vectores mediante o produto escalar.

UNIDADE 7: Rectas no plano

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 4. Xeometría					
* i	* B4.5. Vectores libres no plano. Operacións xeométricas. * B4.6. Produto escalar. Módulo dun vector. Ángulo de dous vectores. * B4.8. Xeometría métrica plana. Ecuacións da recta. Posicións relativas de rectas. Distancias e ángulos. Resolución de problemas.	* B4.4. Interpretar analiticamente distintas situacións da xeometría plana elemental, obtendo as ecuacións de rectas, e utilízalas para resolver problemas de incidencia e cálculo de distancias.	* MA1B4.4.1. Calcula distancias entre puntos e dun punto a unha recta, así como ángulos de dúas rectas.	* CMCCT	Resolver problemas métrico e angulares, xinselos, no plano
			* MA1B4.4.2. Obtén a ecuación dunha recta nas súas diversas formas, identificando en cada caso os seus elementos característicos.	* CMCCT	Coñecer alomenos dúas formas de expresión da recta. Pendente e ord. Na orixe
			* MA1B4.4.3. Recoñece e diferencia analiticamente as posicións relativas das rectas.	* CMCCT	Coñecer a expresión xeral da recta e o recoñecemento da posición baixo esta forma
* i	* B4.9. Lugares xeométricos do plano. * B4.10. Cónicas. Circunferencia, elipse, hipérbola e parábola. Ecuación e elementos.	* B4.5. Manexar o concepto de lugar xeométrico no plano e identificar as formas correspondentes a algúns lugares xeométricos usuais, estudando as súas ecuacións reducidas e analizando as súas propiedades métricas.	* MA1B4.5.1. Coñece o significado de lugar xeométrico e identifica os lugares máis usuais en xeometría plana, así como as súas características.	* CMCCT	Ecuacións da circunf. e a elipse

UNIDADE 8: Funcións elementais e propiedades

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 3. Análise					
* g * i	* B3.1. Funcións reais de variable real. Características das funcións. * B3.2. Funcións básicas: polinómicas, racionais sinxelas, valor absoluto, raíz, trigonométricas e as súas inversas, exponenciais, logarítmicas e funcións definidas a anacos. * B3.3. Operacións e composición de funcións. Función inversa. Funcións de oferta e demanda.	* B3.1. Identificar funcións elementais dadas a través de enunciados, táboas ou expresións alxébricas, que describan unha situación real, e analizar cualitativa e cuantitativamente as súas propiedades, para representalas graficamente e extraer información práctica que axude a interpretar o fenómeno do que se derivan.	* MA1B3.1.1. Recoñece analiticamente e graficamente as funcións reais de variable real elementais e realiza analiticamente as operacións básicas con funcións. * MA1B3.1.4. Extrae e identifica informacións derivadas do estudo e a análise de funcións en contextos reais.	* CMCCT * CMCCT	Recoñecer as funcións elementais e as súas gráficas e propiedades Expresar analiticamente un enunciado xinselo e interpretar a información obtida

UNIDADE 9: Límites de funcións e continuidade

Objectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 3. Análise					
* i	* B3.4. Concepto de límite dunha función nun punto e no infinito. Cálculo de límites. Límites laterais. Indeterminacións. * B3.5. Continuidade dunha función. Estudo de discontinuidades.	* B3.2. Utilizar os conceptos de límite e continuidade dunha función aplicándoos no cálculo de límites e o estudo da continuidade dunha función nun punto ou un intervalo.	* MA1B3.2.1. Comprende o concepto de límite, realiza as operacións elementais do seu cálculo, aplica os procesos para resolver indeterminacións e determina a tendencia dunha función a partir do cálculo de límites. * MA1B3.2.2. Determina a continuidade da función nun punto a partir do estudo do seu límite e do valor da función, para extraer conclusións en situacións reais. * MA1B3.2.3. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade.	* CMCCT * CMCCT * CMCCT	Coñecer os teoremas que rexen o cálculo de límites sinxelos Recoñecer gráfica e alxebricamente a continuidade dunha función Suliñar as discontinuidades dunha función e clasificalas

UNIDADE 10: Cálculo de derivadas

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 3. Análise					
* i	* B3.4. Concepto de límite dunha función nun punto e no infinito. Cálculo de límites. Límites laterais. Indeterminacións. * B3.5. Continuidade dunha función. Estudo de discontinuidades. * B3.6. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica da derivada da función nun punto. Medida da variación instantánea dunha magnitude con respecto a outra. Recta tanxente e normal. * B3.7. Función derivada. Cálculo de derivadas. Regra da cadea.	* B3.3. Aplicar o concepto de derivada dunha función nun punto, a súa interpretación xeométrica e o cálculo de derivadas ao estudo de fenómenos naturais, sociais ou tecnolóxicos, e á resolución de problemas xeométricos.	* MA1B3.3.1. Calcula a derivada dunha función usando os métodos axeitados e emprégaa para estudar situacións reais e resolver problemas. * MA1B3.3.2. Deriva funcións que son composición de varias funcións elementais mediante a regra da cadea.	* CMCCT * CMCCT	Coñecer as regras de derivación Manexar, en casos xinselos a derivada da función compostos

UNIDADE 11: Aplicación do cálculo de derivadas

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 3. Análise					
* i	<p>* B3.4. Concepto de límite dunha función nun punto e no infinito. Cálculo de límites. Límites laterais. Indeterminacións.</p> <p>* B3.5. Continuidade dunha función. Estudo de descontinuidades.</p> <p>* B3.6. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica da derivada da función nun punto. Medida da variación instantánea dunha magnitude con respecto a outra. Recta tanxente e normal.</p> <p>* B3.7. Función derivada. Cálculo de derivadas. Regra da cadea.</p>	<p>* B3.3. Aplicar o concepto de derivada dunha función nun punto, a súa interpretación xeométrica e o cálculo de derivadas ao estudo de fenómenos naturais, sociais ou tecnolóxicos, e á resolución de problemas xeométricos.</p>	<p>* MA1B3.3.3. Determina o valor de parámetros para que se verifiquen as condicións de continuidade e derivabilidade dunha función nun punto.</p>	* CMCCT	<p>Aplicación a funcións xinselas da definición simultánea de continuidade e derivabilidade</p>
* g * i	<p>* B3.1. Funcións reais de variable real. Características das funcións.</p> <p>* B3.4. Concepto de límite dunha función nun punto e no infinito. Cálculo de límites. Límites laterais. Indeterminacións.</p> <p>* B3.7. Función derivada. Cálculo de derivadas. Regra da cadea.</p> <p>* B3.8. Utilización das ferramentas básicas da análise para o estudo das características dunha función. Representación gráfica de funcións.</p>	<p>* B3.4. Estudar e representar graficamente funcións obtendo información a partir das súas propiedades e extraendo información sobre o seu comportamento local ou global.</p>	<p>* MA1B3.4.1. Representa graficamente funcións, despois dun estudo completo das súas características mediante as ferramentas básicas da análise.</p>	* CMCCT	<p>Representar funcións polinómicas e racionais</p>

UNIDADE 12: Estatística bidimensional

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 5. Estatística e Probabilidade					
* d * g * i * l	* B5.1. Estatística descritiva bidimensional. * B5.2. Táboas de continxencia. * B5.3. Distribución conxunta e distribucións marxinais. * B5.4. Medias e desviacións típicas marxinais. * B5.5. Distribucións condicionadas. * B5.6. Independencia de variables estatísticas.	* B5.1. Describir e comparar conxuntos de datos de distribucións bidimensionais, con variables discretas ou continuas, procedentes de contextos relacionados co mundo científico, e obter os parámetros estatísticos máis usuais, mediante os medios máis adecuados (lapis e papel, calculadora ou folla de cálculo), valorando a dependencia entre as variables.	* MA1B5.1.1. Elabora táboas bidimensionais de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables numéricas (discretas e continuas) e categóricas.	* CMCCT	Clasifica os datos e construe táboas bidimensionais
			* MA1B5.1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais.	* CMCCT	Aplica as fórmulas para obter os parámetros
			* MA1B5.1.3. Calcula as distribucións marxinais e distribucións condicionadas a partir dunha táboa de continxencia, así como os seus parámetros (media, varianza e desviación típica).	* CMCCT	Aplica as fórmulas para obter os parámetros
			* MA1B5.1.4. Decide se dúas variables estatísticas son ou non dependentes a partir das súas distribucións condicionadas e marxinais.	* CMCCT	Analiza a independencia ou non de variables
			* MA1B5.1.5. Avalía as representacións gráficas para unha distribución de datos sen agrupar e agrupados, usando adecuadamente medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos desde o punto de vista estatístico, calcular parámetros e xerar gráficos estatísticos.	* CMCCT	Explica os datos representados nunha gráfica e crea gráficos axeitados
* i * l	* B5.6. Independencia de variables estatísticas. * B5.7. Estudo da dependencia de dúas variables estatísticas.	* B5.2. Interpretar a posible relación entre dúas variables e cuantificar a relación lineal entre elas mediante o coeficiente de correlación, valorando	* MA1B5.2.1. Distingue a dependencia funcional da dependencia estatística e estima se dúas variables son ou non	* CMCCT	Diferencia entre dependencia funcional e dependencia

	<p>Representación gráfica: nube de puntos.</p> <p>* B5.8. Dependencia lineal de dúas variables estadísticas. Covarianza e correlación: cálculo e interpretación do coeficiente de correlación lineal.</p> <p>* B5.9. Regresión lineal. Estimación. Predicións estadísticas e fiabilidade destas.</p>	<p>a pertinencia de axustar unha recta de regresión e, de ser o caso, a conveniencia de realizar predicións, avaliando a fiabilidade destas nun contexto de resolución de problemas relacionados con fenómenos científicos.</p>	<p>estadisticamente dependentes mediante a representación da nube de puntos.</p>		<p>estadística. Analiza a representación en nube de puntos</p>
			<p>* MA1B5.2.2. Cuantifica o grao e o sentido da dependencia lineal entre dúas variables mediante o cálculo e a interpretación do coeficiente de correlación lineal.</p>	<p>* CMCCT</p>	<p>Calcula e interpreta o coeficiente de correlación lineal</p>
			<p>* MA1B5.2.3. Calcula e representa as rectas de regresión de dúas variables, e obtén predicións a partir delas.</p>	<p>* CMCCT</p>	<p>Calcula e representa as rectas de regresión de dúas variables, e obtén predicións a partir delas.</p>
			<p>* MA1B5.2.4. Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión, mediante o coeficiente de determinación lineal.</p>	<p>* CMCCT</p>	<p>Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión</p>

Bloque 1, Procesos, métodos e actitudes en matemáticas, común a tódalas unidades

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
* e * i	* B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	* B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	* MA1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	* CCL * CMCCT	Relata verbalmente o proceso de resolución dun problema
* i * l	* B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. * B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables; suposición do problema resolto. * B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes. * B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.	* B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	* MA1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostros, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). * MA1B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. * MA1B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. * MA1B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. * MA1B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.	* CMCCT * CMCCT * CMCCT * CAA * CMCCT * CAA	Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver Estima resultados e infire conxecturas Utiliza estratexias e reflexiona sobre o proceso seguido . Reflexiona sobre o proceso de resolución
O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas" é común aos dous cursos e transversal: débese desenvolver simultaneamente ao resto de bloques de contido e é o eixo fundamental da materia; articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no que facer matemático: a resolución de problemas, proxectos de investigación matemática, a matematización e modelización, as actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico e a utilización de medios tecnolóxicos. Incorporouse a este bloque a maioría das competencias clave e os temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento, respectivamente, ao longo de toda a materia. Nel establécense dous dos eixos fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico, e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables.

Neste proceso están involucradas todas as competencias: a de comunicación lingüística, ao ler de xeito comprensivo os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Os elementos que constitúen o currículo básico en primeiro curso fundamentan os principais conceptos dos bloques de contido, ademais de ofrecer unha base sólida para a interpretación de fenómenos sociais nos que interveñen dúas variables. En segundo curso, afóndase nas achegas da materia ao currículo do bacharelato, en particular mediante a inferencia estatística, a optimización e a álgebra lineal.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento está constituído no presente curso polos seguintes profesores e profesoras:

José Manuel Ramos González (Secretario do Instituto)

Que impartirá as materias:

Matemáticas Aplicadas ás CC SS II (1 grupo)

Métodos Estatísticos e Numéricos (1 grupo)

Rafael Piay Durán

Que impartirá as materias:

Matemáticas Aplicadas ás CC SS I (1 grupo)

Matemáticas en 1º ESO (1 grupo)

Matemáticas en 2º ESO (1 grupo)

Matemáticas Aplicadas en 4º ESO (1 grupo)

María Luísa Vilanova Díaz

Que impartirá as materias:

Matemáticas Académicas en 3º ESO (3 grupos)

Matemáticas Académicas en 4º ESO (2 grupos)

María del Carmen Rey Pazos (Xefa de Departamento)

Que impartirá as materias:

Matemáticas II (1 grupo)

Matemáticas I (2 grupos)

Matemáticas Académicas en 4º ESO (1 grupo)

Sonia Freire Randino

Que impartirá as materias:

Matemáticas en 1º ESO (2 grupos)

Matemáticas en 2º ESO (2 grupos)

Mónica Tortajada Bermúdez

Profesora do Departamento de Tecnoloxía que impartirá as materias:

Matemáticas en 1º ESO (1 grupo)

Santiago Jiménez Jiménez

Profesor do Departamento de Artes Plásticas que impartirá as materias:

Matemáticas en 2º ESO (1 grupo)

Na organización do Instituto estaba implantada a aula-materia e tiñamos catro aulas completas para o Departamento de Matemáticas, pero houbo que renunciar a elas por motivos da COVID-19.

O alumnado que cursa 1º de Bacharelato no Instituto ten unha procedencia moi diversa. Están os alumnos que estudiaaron todos os cursos da ESO no Centro e logo o alumnado que procede de centros da comarca nos que non poden seguir os estudos de Bacharelato. Así o primeiro traballo é coordinar os diferentes xeitos de traballo e niveis de coñecemento.

3. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

A educación secundaria non obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminación existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuir á súa conservación e mellora no contexto do mundo globalizado.

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: VER ANEXO

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

O alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto: “Matemáticas Aplicadas a las Ciencias Sociales”, Anaya. Madrid 2015. ISBN 978-84-678-2695-1

- Caderno
- Calculadora científica,
- Material de debuxo
- Fichas de coleccións de problemas e exercicios
- Anuarios e prensa

7. AVALIACIÓN

Como xa se indicaba na contextualización a orixe do alumnado do Centro é moi diversa en canto a centros de procedencia e modalidade do 4º curso polo tanto unha primeira proba establecerá unhas pautas para o traballo máis axeitado e a homoxenización de cada grupo.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

7.1 AVALIACIÓN DO ALUMNADO: INSTRUMENTOS E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN

O traballo do alumnado nas probas específicas nesta materia seguirá o seguinte esquema:

1ª Avaliación: 1º exame (materia explicada ata o momento), 2º exame (toda a materia da primeira avaliación). A nota da avaliación obtense por media ponderada (primeira nota simple e a segunda nota dobre, dividindo a suma por tres). Resultado: **Nota A**

2ª Avaliación: 1º exame (a materia da primeira avaliación e a materia que se explicou na segunda), 2º exame (materia da segunda avaliación). A nota da avaliación obtense por media dos dous exames. Resultado: **Nota B**

3ª Avaliación: 1º exame (a materia da primeira avaliación e a materia que se explicou na terceira), 2º exame (a materia da segunda avaliación e a materia que se explicou na terceira), 3º exame (a materia da terceira avaliación). A nota da avaliación obtense por media dos tres exames. Resultado: **Nota C**

A nota final, **D**, obtense por media ponderada $(1 \cdot A + 2 \cdot B + 3 \cdot C) / 6$.

Cando **D** sexa maior ou igual a **5** a nota final será **D**. Cando **D** sexa menor que **5** observarase a nota **C**; se **C** é maior ou igual a **5** a nota final será de **5**, se **C** é menor que **5** a materia está suspensa con nota **D**.

Non hai exame final.

7.2 AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA NO BACHARELATO

Unha vez feita a avaliación ordinaria, os alumnos e alumnas que non superasen a materia poderán realizar unha proba extraordinaria co fin de superala. Dita proba extraordinaria será convocada por Xefatura de Estudos e consistirá nunha proba escrita baseada nos contidos vistos ao longo de todo o curso. O alumno superará a materia se a nota de dita proba é igual ou superior a 5.

Durante o período que abrangue dende a avaliación ordinaria ata o remate das clases, faranse actividades de recuperación, reforzo e ampliación dos contidos do curso que permitan reforzar ao alumnado que non ten superada a materia e tamén ao alumnado que xa a superou coa idea de dar unha visión global do curso.

7.3 AVALIACIÓN E MELLORA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación terá un seguimento permanente por parte dos membros do Departamento no relativo ao grao de cumprimento, proceso de ensinanza e aprendizaxe e desviación entre resultados obtidos e esperados. Da análise, polo miúdo, destes aspectos poderemos tirar conclusións sobre:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, segundo as características do alumnado.
- O grao de aprendizaxe acadado polos alumnos.
- A oportunidade da metodoloxía e recursos didácticos.
- As medidas de reforzo e a atención á diversidade.
- Grao de coordinación no seo do departamento e fóra del.

A avaliación daqueles apartados que, ao noso xuízo, resulten negativos, serán modificados nas vindeiras programacións didácticas.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En función das necesidades que presente o alumnado aplicarase, ademais da heteroxeneidade das actividades de ensino-aprendizaxe, os protocolos correspondentes en cada caso en colaboración co Departamento de Orientación do Centro.

No caso particular do alumnado con TDAH seguirase o protocolo da Xunta de Galicia aprobado o ano 2014, capítulo 8.1.2 que trata da prevención e intervención dentro da aula

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Matemáticas colabora coa Biblioteca na realización de proxectos. Tamén participa na Semana da Ciencia con distintas actividades abertas a toda a comunidade educativa: Celebración do Día de Pi, Presentacións en Power Point de biografías de matemáticos e matemáticas destacados, Traballos estatísticos relativos a características físicas do alumnado, peso das súas mochilas, tráfico no entorno do edificio do Instituto...

Este curso quedan suspendidas todas as actividades que poñan en risco a saúde tanto do alumnado como a do profesorado, á espera de ver como evoluciona a pandemia da COVID-19

10. TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN: Unidades 1, 2 e 3

2º AVALIACIÓN: Unidades 7, 8 e 9

3ª AVALIACIÓN: Unidades 4, 5 e 6

ANEXO

UNIDADE 1: Os números reais e as súas propiedades

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 2. Números e álgebra					
* i	* B2.1. Números racionais e irracionais. Número real. Representación na recta real. Intervalos. * B2.2. Aproximación decimal dun número real. Estimación, redondeo e erros. * B2.3. Operacións con números reais. Potencias e radicais. Notación científica.	* B2.1. Utilizar os números reais e as súas operacións para presentar e intercambiar información, controlando e axustando a marxe de erro esixible en cada situación, en contextos da vida real.	* MACS1B2.1.1. Recoñece os tipos números reais (rationais e irracionais) e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa. * MACS1B2.1.2. Representa correctamente información cuantitativa mediante intervalos de números reais. * MACS1B2.1.4. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, utilizando a notación máis axeitada e controlando o erro cando aproxima.	* CMCCT * CMCCT * CMCCT	Manexo de operacións con radicais e logaritmos. Descrición dos intervalos na recta real e representación Manexo de operacións con potencias de 10

UNIDADE 2: Introducción á álgebra

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 2. Números e álgebra					
* i	* B2.6. Polinomios. Operacións. Descomposición en factores. * B2.7. Ecuacións lineais, cuadráticas e reducibles a elas, exponenciais e logarítmicas. Aplicacións. * B2.8. Sistemas de ecuacións de primeiro e segundo grao con dúas incógnitas. Clasificación. Aplicacións. Interpretación xeométrica. * B2.9. Sistemas de ecuacións lineais con tres incógnitas: método de Gauss. * B2.10. Formulación e resolución de problemas das ciencias sociais mediante sistemas de ecuacións lineais.	* B2.3. Transcribir a linguaxe alxébrica ou gráfica situacións relativas ás ciencias sociais, e utilizar técnicas matemáticas e ferramentas tecnolóxicas apropiadas para resolver problemas reais, dando unha interpretación das solucións obtidas en contextos particulares.	* MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais. * MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións.	* CMCCT * CMCCT	Traducir un enunciado xinselo a linguaxe alxébrica Resolver problemas xinselos mediante ferramentas alxébricas

UNIDADE 3: Matemática financeira

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 2. Números e álgebra					
* i	* B2.4. Operacións con capitais financeiros. Aumentos e diminucións porcentuais. Taxas e xuros bancarios. Capitalización e amortización simple e composta. * B2.5. Utilización de recursos tecnolóxicos para a realización de cálculos financeiros e mercantís.	* B2.2. Resolver problemas de capitalización e amortización simple e composta utilizando parámetros de aritmética mercantil, empregando métodos de cálculo ou os recursos tecnolóxicos máis axeitados.	* MACS1B2.2.1. Interpreta e contextualiza correctamente parámetros de aritmética mercantil para resolver problemas do ámbito da matemática financeira (capitalización e amortización simple e composta) mediante os métodos de cálculo ou recursos tecnolóxicos apropiados.	* CMCCT	Manexar a capitalización simple e composta ; a amortización e o concepto de TAE

UNIDADE 4: As funcións elementais e as súas propiedades

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 3. Análise					
* i	<p>* B3.1. Resolución de problemas e interpretación de fenómenos sociais e económicos mediante funcións.</p> <p>* B3.2. Funcións reais de variable real. Expresión dunha función en forma alxébrica, por medio de táboas ou de gráficas. Características dunha función.</p> <p>* B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. Funcións definidas a anacos.</p>	* B3.1. Interpretar e representar gráficas de funcións reais tendo en conta as súas características e a súa relación con fenómenos sociais.	* MACS1B3.1.1. Analiza funcións expresadas en forma alxébrica, por medio de táboas ou graficamente, e relaciónaas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos, extraendo e replicando modelos.	* CMCCT	Recoñecer as funcións elementais e as súas propiedades en contextos reais
			* MACS1B3.1.3. Estuda e interpreta graficamente as características dunha función, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados.	* CMCCT	Expresar analíticamente un enunciado xinselo e interpretar a información obtida
* i	* B3.4. Interpolación e extrapolación lineal e cuadrática. Aplicación a problemas reais.	* B3.2. Interpolar e extrapolar valores de funcións a partir de táboas, e coñecer a utilidade en casos reais.	* MACS1B3.2.1. Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto.	* CMCCT	Analizar os resultados da interpolación e recoñecer a utilidade da estimación

UNIDADE 5: Límites e continuidade

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 3. Análise					
* i	* B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. As funcións definidas a anacos. * B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas.	* B3.3. Calcular límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito, para estimar as tendencias.	* MACS1B3.3.1. Calcula límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito para estimar as tendencias dunha función. * MACS1B3.3.2. Calcula, representa e interpreta as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais.	* CMCCT * CMCCT	Coñecer os teoremas que rexen o cálculo de límites sinxelos Distinguir os tipos de asíntotas dunha función e calculalas
* i	* B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas.	* B3.4. Coñecer o concepto de continuidade e estudar a continuidade nun punto en funcións polinómicas, racionais, logarítmicas e exponenciais.	* MACS1B3.4.1. Examina, analiza e determina a continuidade da función nun punto para extraer conclusións en situacións reais.	* CMCCT	Recoñecer gráfica e alxébricamente a continuidade dunha función nun punto.

UNIDADE 6: Cálculo de derivadas. Aplicacións

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 3. Análise					
* i	* B3.6. Taxa de variación media e taxa de variación instantánea. Aplicación ao estudo de fenómenos económicos e sociais. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica. Recta tanxente a unha función nun punto. * B3.7. Función derivada. Regras de derivación de funcións elementais sinxelas que sexan suma, produto, cociente e composición de funcións polinómicas, exponenciais e logarítmicas.	* B3.5. Coñecer e interpretar xeometricamente a taxa de variación media nun intervalo e nun punto como aproximación ao concepto de derivada, e utilizar as regra de derivación para obter a función derivada de funcións sinxelas e das súas operacións.	* MACS1B3.5.1. Calcula a taxa de variación media nun intervalo e a taxa de variación instantánea, interprétaas xeometricamente e emprégaas para resolver problemas e situacións extraídas da vida real.	* CMCCT	Calcular taxas de variación interpretando o seu signo
			* MACS1B3.5.2. Aplica as regras de derivación para calcular a función derivada dunha función e obter a recta tanxente a unha función nun punto dado.	* CMCCT	Coñecer as regra de derivación. Cálculo da tanxente a unha curva. Representación de funcións polinómicas

UNIDADE 7: Distribucións bidimensionais

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 4. Estatística e Probabilidade					
* i * l	* B4.1. Estatística descritiva bidimensional: táboas de continxencia. * B4.2. Distribución conxunta e distribucións marxinais. * B4.3. Distribucións condicionadas. * B4.4. Medias e desviacións típicas marxinais e condicionadas. * B4.5. Independencia de variables estatísticas.	* B4.1. Describir e comparar conxuntos de datos de distribucións bidimensionais, con variables discretas ou continuas, procedentes de contextos relacionados coa economía e outros fenómenos sociais, e obter os parámetros estatísticos máis usuais mediante os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo) e valorando a dependencia entre as variables.	* MACS1B4.1.1. Elabora e interpreta táboas bidimensionais de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables numéricas (discretas e continuas) e categóricas. * MACS1B4.1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais para aplicarlos en situacións da vida real. * MACS1B4.1.3. Acha as distribucións marxinais e diferentes distribucións condicionadas a partir dunha táboa de continxencia, así como os seus parámetros, para aplicarlos en situacións da vida real. * MACS1B4.1.4. Decide se dúas variables estatísticas son ou non estatisticamente dependentes a partir das súas distribucións condicionadas e marxinais, para poder formular conxecturas.	* CMCCT * CMCCT * CMCCT * CMCCT	Representar distribucións bidimensionais xinxelas Calcular a covarianza e o coeficiente de correlación en sasos xinxelos Coñecer de xeito práctico o concepto de distribución marxinal e condicionada Saber como decidir sobre a independencia de dúas variables
* i * l	* B4.6. Dependencia de dúas variables estatísticas. Representación gráfica: nube de puntos. * B4.7. Dependencia lineal de dúas variables estatísticas. Covarianza e correlación: cálculo e interpretación do coeficiente de correlación lineal. * B4.8. Regresión lineal. Predicións estatísticas e fiabilidade destas. Coeficiente de determinación	* B4.2. Interpretar a posible relación entre dúas variables e cuantificar a relación lineal entre elas mediante o coeficiente de correlación, valorando a pertinencia de axustar unha recta de regresión e de realizar predicións a partir dela, avaliando a fiabilidade destas nun contexto de resolución de problemas relacionados con fenómenos económicos e sociais.	* MACS1B4.2.1. Distingue a dependencia funcional da dependencia estatística e estima se dúas variables son ou non estatisticamente dependentes mediante a representación da nube de puntos en contextos cotiáns.	* CMCCT	Diferencia entre dependencia funcional e dependencia estadística. Analiza a representación en nube de puntos

			* MACS1B4.2.2. Cuantifica o grao e o sentido da dependencia lineal entre dúas variables mediante o cálculo e a interpretación do coeficiente de correlación lineal para poder obter conclusións.	* CMCCT	Calcula e interpreta o coeficiente de correlación lineal
			* MACS1B4.2.3. Calcula e representa as rectas de regresión de dúas variables e obtén predicións a partir delas.	* CMCCT	Calcula e representa as rectas de regresión de dúas variables, e obtén predicións a partir delas
			* MACS1B4.2.4. Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión mediante o coeficiente de determinación lineal en contextos relacionados con fenómenos económicos e sociais.	* CMCCT	Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión

UNIDADE 8: A probabilidade e as súas leis

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 4. Estatística e Probabilidade					
* i * I	<p>* B4.9. Sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov.</p> <p>* B4.10. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades.</p> <p>* B4.11. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.</p> <p>* B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.</p> <p>* B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.</p> <p>* B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.</p> <p>* B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.</p>	<p>* B4.3. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento e a axiomática da probabilidade, empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.</p>	<p>* MACS1B4.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.</p> <p>* MACS1B4.3.2. Constrúe a función de probabilidade dunha variable discreta asociada a un fenómeno sinxelo e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.</p>	* CMCCT * CMCCT	<p>Manexo das leis da probabilidade. Teorema de probabilidades totais e Teorema de Bayes</p> <p>Función de probabilidade asociados a xogos sinxelos</p>
* i * I	<p>* B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.</p> <p>* B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.</p> <p>* B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.</p> <p>* B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.</p>	<p>* B4.4. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de sucesos asociados.</p>	<p>* MACS1B4.4.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e a desviación típica.</p> <p>* MACS1B4.4.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade ou da táboa da distribución, ou mediante calculadora, folia de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaa en diversas situacións.</p>	* CMCCT * CMCCT	<p>Manexo da distribución binomial en supostos sinxelos</p> <p>Manexo da distribución binomial en supostos sinxelos</p>

	* B4.16. Cálculo de probabilidades mediante aproximación da distribución binomial pola normal.				
--	--	--	--	--	--

UNIDADE 9: Distribucións estatísticas

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 4. Estatística e Probabilidade					
* i * l	<p>* B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.</p> <p>* B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.</p> <p>* B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.</p> <p>* B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.</p> <p>* B4.16. Cálculo de probabilidades mediante aproximación da distribución binomial pola normal</p>	* B4.4. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de sucesos asociados.	<p>* MACS1B4.4.3. Distingue fenómenos que poden modelizarse mediante unha distribución normal, e valora a súa importancia nas ciencias sociais.</p> <p>* MACS1B4.4.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folia de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaa en diversas situacións.</p> <p>* MACS1B4.4.5. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.</p>	* CMCCT * CMCCT * CMCCT	<p>Exemplificar fenómenos que se comporten segundo a distrb. Normal</p> <p>Tipificar; manexar a Táboa $N(0,1)$ e usar a simetría da curva para o cálculo de probabilidades</p> <p>Manexar os supostos para tratar unha dis. Binomial coma normal</p>

Bloque 1, Procesos métodos e actitudes en matemáticas, común a tódalas unidades

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
* e * i	* B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	* B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	* MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	* CCL * CMCCT	Relata verbalmente o proceso de resolución dun problema
* j * l	* B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutras formas de resolución e identificación de problemas parecidos. * B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos, modificación de variables e suposición do problema resolto.	* B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	* MACS1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). * MACS1B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia. * MACS1B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.	* CMCCT * CMCCT * CAA	Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver Estima resultados e infire conxecturas Utiliza estratexias e reflexiona sobre o proceso seguido
* g * i	* B1.4. Elaboración e presentación oral e/ou escrita de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas. * B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: - Recollida ordenada e a organización de datos. - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades	* B1.3. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	* MACS1B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. * MACS1B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. * MACS1B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que se vaia demostrar.	* CMCCT * CMCCT * CD	Usa linguaxe, notación e símbolos adecuados Utiliza razoamentos e explicacións coherentes Emprega ferramentas tecnolóxicas adecuadas

	xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e as conclusións e os resultados obtidos. - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.				
* i * l * m	* B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	* B1.4. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	* MACS1B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc. * MACS1B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	* CMCCT * CMCCT * CSIEE	Coñece a estrutura da elaboración dunha investigación Planifica o proceso de investigación
* h * i * l * n	* B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	* B1.5. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior; da xeneralización de propiedades e leis matemáticas; e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.	* MACS1B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. * MACS1B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.).	* CMCCT □ * CMCCT * CSC * CCEC	Formula novas preguntas Cita conexións entre contextos
* e * g * i	* B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	* B1.6. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.	* MACS1B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. * MACS1B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema	* CMCCT * CMCCT	Consulta fontes de información Usa linguaxe, notación e símbolos

	<p>* B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.</p> <p>* B1.8. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o procedemento, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido.</p>		<p>de investigación.</p> <p>* MACS1B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</p> <p>* MACS1B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</p> <p>* MACS1B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.</p> <p>* MACS1B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.</p>	<p>* CCL</p> <p>* CMCCT</p> <p>* CMCCT</p> <p>* CD</p> <p>* CCL</p> <p>* CMCCT</p>	<p>adecuados</p> <p>Utiliza razoamentos e explicacións coherentes</p> <p>Emprega ferramentas tecnolóxicas adecuadas</p> <p>Transmite certeza e seguridade</p> <p>Reflexiona e elabora conclusión</p>
